| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñece os distintos tipos de imaxes visuais ou produccións audiovisuais en función da súa intencionalidade, así como a súa importancia social. | | |
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Colabora con outros compañeiros na elaboración dun proxecto audiovisual buscando de xeito coordinado as solucións e estratexias máis adecuadas para levalo a cabo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.<br>- A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores.<br>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.<br>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analiza obras de diversos contextos culturais, amosando interese e respecto cara ao diferente. | TI | 100 |
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta. | Selecciona e comenta unha obra de arte. atendendo aos aspectos connotativos da mesma e relacionándoos co propio mundo emocional. | | |
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias. | Comprende as diferentes funcións das imaxes e o uso da linguaxe plástica para acadalas, incorporando algunha referencia estilística nas súas produccións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Realiza produccións plásticas partindo de premisas dadas. | | |
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural. | Reflexiona sobre o proceso de creación artística amosando unha actitude respectuosa cara ao diferente. | | |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Realiza un proxecto artístico persoal, manexando as técnicas máis axeitadas e expresando unha intencionalidade na mensaxe por medio da utilización da linguaxe visual. | | |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Realiza produccións plásticas partindo de premisas dadas e experimentando con diversas técnicas plásticas. | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | Aplica o seu imaxinario e as referencias culturais e plásticas explicadas na clase ás súas creacións persoais. | | |
| CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analiza de xeito guiado algunha produccion audiovisual, diferenciando as diversas angulacións e planos fotográficos. | | |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Coñece e reproduce de xeito sinxelo o proceso de creación dunha peza audiovisual curta ( guión, storboard e realización gravada ou montaxe de imaxes e son) | | |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñece os distintos tipos de imaxes visuais ou produccións audiovisuais en función da súa intencionalidade, así como a súa importancia social. | | |
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Colabora con outros compañeiros na elaboración dun proxecto audiovisual buscando de xeito coordinado as solucións e estratexias máis adecuadas para levalo a cabo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
|---|
| - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.<br>- A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores.<br>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.<br>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A fotografía, o cine e a linguaxe multimedia | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analiza obras de diversos contextos culturais, amosando interese e respecto cara ao diferente. | TI | 100 |
| CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio. | Selecciona e comenta unha obra de arte, describindo os seus aspectos plásticos principais. | | |
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias. | Comprende as diferentes funcións das imaxes e o uso da linguaxe plástica para acadalas, incorporando algunha referencia estilística nas súas produccións. | | |
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Realiza produccións plásticas partindo de premisas dadas. | | |
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural. | Reflexiona sobre o proceso de creación artística amosando unha actitude respectuosa cara ao diferente. | | |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Realiza un proxecto artístico persoal, manexando as técnicas máis axeitadas e expresando unha intencionalidade na mensaxe por medio da utilización da linguaxe visual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Realiza produccións plásticas partindo de premisas dadas e experimentando con diversas técnicas plásticas. | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | Aplica o seu imaxinario e as referencias culturais e plásticas explicadas na clase ás súas creacións persoais. | | |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Realiza un proxecto artístico persoal, manexando as técnicas máis axeitadas e expresando unha intencionalidade na mensaxe por medio da utilización da linguaxe visual. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Recoñece e verbaliza o seu proceso creativo, reflexionando sobre os erros e suxerindo melloras cara aos próximos traballos. | | |
| CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analiza de xeito guiado algunha producción audiovisual, diferenciando as diversas angulacións e planos fotográficos. | | |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Coñece e reproduce de xeito sinxelo o proceso de creación dunha peza audiovisual curta ( guión, storboard e realización gravada ou montaxe de imaxes e son) | | |
| CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal. | Utiliza algunha referencia cultural ou artística da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal. | | |
| CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Colabora con outros compañeiros na elaboración dun proxecto audiovisual buscando de xeito coordinado as solucións e estratexias máis adecuadas para levalo a cabo e amosando iniciativa no manexo de materiais, soportes e ferramentas. | | |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñece os distintos tipos de imaxes visuais ou produccións audiovisuais en función da súa intencionalidade, así como a súa importancia social. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Colabora con outros compañeiros na elaboración dun proxecto audiovisual buscando de xeito coordinado as solucións e estratexias máis adecuadas para levalo a cabo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Os xéneros artísticos. |
| - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. |
| - A percepción visual. Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. |
| - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. |
| - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. |
| - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. |
| - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente práctica, o traballo guiado do alumnado na aula ten unha importancia fundamental. Polo tanto, cada unidade didáctica constará dunha presentación dos contidos, conceptos e técnicas fundamentais por parte do profesor, procurando sempre a reflexión e intervención activa do alumnado. Despois, adicaránse as sesións necesarias para aplicar ditos contidos nos exercicios prácticos, elaborados na súa meirande parte en láminas DIN A4, que son o soporte fundamental do traballo do alumnado.Durante estas sesións prácticas, o profesor guiará e solucionará as dúbidas do alumnado, prestando especial atención nos casos que presenten maiores dificultades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Sen libro de texto |

O alumnado utilizará Láminas de debuxo DIN A4 para a realización dos exercicios prácticos e contará coa aula virtual da materia EPVA 3º ESO onde poderá consultar as presentacións nas que se exporán os conceptos teóricos con amplo apoio audiovisual e exemplos, ademáis das listaxes das láminas requeridas, e as aclaracións que resulten necesarias.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tras explicar ao alumnado o concepto Figurativo/ abstracto na arte, para que entenda que non ten que saber debuxar de xeito realista para elaborar unha obra de interese plástico, pediráselle que realice a sua propia composición con total liberdade temática. Con esta proba apreciaráse a creatividade, dotes para o debuxo, captación de exemplos e conceptos ou tamén, pola contra, dificultades importantes de motricidade, bloqueo creativo, etc.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **11** | **11** | **12** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **100** |
| **Proba escrita** | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 0 | 0 | 0 | **20** |
| **Táboa de indicadores** | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 100 | 100 | 100 | **80** |

**Criterios de cualificación:**

a) Instrumentos de avaliación
· Observación do traballo diario no taller de plástica. .
· Exercicios, láminas e traballos en papel ou soporte dixital.
b) Criterios de cualificación
NOTA DA AVALIACIÓN:
LÁMINAS E TAREFAS 70% (media aritmética dos traballos realizados x 0,7) + EXAME OU PROXECTO ARTÍSTICO 30% (nota do exame ou proxecto x 0,3) + LÁMINAS VOLUNTARIAS
O alumnado deberá presentar mensualmente as láminas realizadas nese periodo.
En cada lámina presentada con atraso descontarase un punto. Considérase atraso presentala no mes seguinte á data mensual de entrega, agás causa xustificada como ter faltado por enfermidade. Tanto as láminas obrigatorias como as voluntarias deberán realizarse na aula. A profesora pode rexeitar as láminas que non se realicen na clase baixo a súa supervisión.

ACTITUDE NEGATIVA: Enténdese por actitude negativa molestar en clase, non traballar e non traer material de xeito reiterado. Cando esto suceda a profesora advertirá ao alumno ou alumna verbalmente, a segunda vez informará á familia por Abalar e se sucede en tres ocasións será motivo de parte de apercibimento.

ACTITUDE POSITIVA: PODERÁ SUBIR UN PUNTO NA NOTA DA AVALIACIÓN.

Traballar con constancia na aula, vir provisto do material necesario, respectar o traballo do resto dos compañeiros e da profesora, presentar os apuntamentos se son requeridos, realizar láminas voluntarias...Ditas láminas voluntarias subirán 0,25 puntos cada unha, ata un punto na nota da avaliación.
A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Unha vez realizadas as operacións do cálculo da nota, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.

## c) Recuperación das avaliacións suspensas

Se un alumno ou alumna non aprobase unha avaliación por non ter presentado no seu momento todas as láminas propostas ou telas suspensas, deberá presentalas para recuperar a avaliación. O mesmo criterio aplícase para o proxecto artístico. No caso de que suspendese o exame, deberá repetilo. Se fallasen ambas cuestións, debería repetir

o exame e ademáis presentar as láminas.

# d) Avaliación final

A entrega final de láminas e traballos será fixada unha semana antes do remate das clases, e anunciada coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizada e cualificada a entrega final de láminas e os exames ou traballos de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.
AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA
a) No caso de que o alumnado teña cualificación en unha ou dúas avaliacións ao incorporarse ao centro, cursará a materia con normalidade a partir da súa incorporación (ou con reforzo se así o precisase) e para a cualificación final seguirase o criterio anteriormente especificado.
b) No caso de que non haxa cualificacións da primeira nin da segunda avaliación, a nota final será o 100% da terceira avaliación.

**Criterios de recuperación:**

Se un alumno ou alumna non aprobase unha avaliación por non ter presentado no seu momento todas as láminas ou traballos propostos deberá presentalos para recuperar a avaliación. Se tendo todas as láminas e traballos presentados non acadase os obxectivos mínimos, deberá repetilos.
Ao longo do curso, o alumnado poderá presentar as láminas de recuperación xunto coas do trimestre correspondente, nas entregas mensuais establecidas. O traballo ou proxecto artístico de recuperación  tamén poderá presentalo ao longo de todo o trimestre.
AVALIACIÓN FINAL
A entrega final de láminas e traballos  será fixada unha semana antes do remate das clases, e anunciada coa suficiente antelación tanto na clase como na aula virtual da materia. Unha vez realizada e cualificada a entrega final de láminas e traballos de recuperación, a nota final será a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

**5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Os alumnos que teñan a materia pendente do ano pasado terán a posibilidade de recuperala mediante traballos e exames parciais. Os traballos consistirán en láminas sobre os contidos impartidos nas distintas avaliacións, e deberán entregarse o día do exame.
A media das láminas contará como o 60% da nota, e o exame un 40 % en cada un dos parciais.
Os exames teóricos poderán prepararse consultando a teoría das Unidades didácticas correspondentes na aula virtual de EPVA 3º no apartado correspondente a pendentes.
A información detallada do Plan de Pendentes estará exposta no corcho de materias pendentes no instituto, colgada na web do centro no apartado correspondente ao departamento de Artes Plásticas, ademáis de ser entregada ao alumnado, titor e equipo directivo.
Os parciais e entregas de láminas terán lugar arredor do 20 de novembro, febreiro e maio, en datas fixadas pola dirección do centro.
O exame teórico do terceiro parcial será das dúas avaliacións anteriores para o alumnado non presentado ou suspenso. Os alumnos aprobados nas dúas avaliacións anteriores só terán que presentar as láminas do terceiro trimestre.
Se un alumno non presentou láminas nin se presentou ao exame teórico-práctico en ningunha das tres convocatorias, enténdese que abandonou por completo a materia e non ten sentido, por tanto, convocalo de novo.
Se polo contrario tivese algunha avaliación recuperada, daríaselle a oportunidade de presentar as láminas non presentadas ou suspensas das entregas anteriores unha semana antes da finalización das clases, al igual que nos cursos ordinarios. A continuación, obteríase a media aritmética das tres avaliacións para achar a nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse reforzos aos alumnos que o precisen, prestándolles unha atención máis individualizada dentro da aula na medida do posible. Ademáis, axustaránse á baixa nestes casos os criterios de avaliación, valorando ante todo o esforzo e o traballo do alumno ou alumna por encima da calidade dos resultados.
Levaranse a cabo tamén Plans de reforzo, para a recuperación do alumnado coa materia pendente, e Plans específicos personalizados para os alumnos repetidores que suspenderan a materia o ano anterior.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - As nosas emocións | X | X | X | | | | | |
| ET.2 - O respecto ao entorno | | | | X | X | X | | |
| ET.3 - A igualdade de xénero | | | X | | | | X | X |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - As nosas emocións | |
| ET.2 - O respecto ao entorno | |
| ET.3 - A igualdade de xénero | X |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita á Fundación Mª José Jove | O alumnado de 3º ESO visitará a colección de arte moderna e contemporánea da colección Mª José Jove co obxectivo de ter un contacto directo con obras de arte orixinais nun contexto museístico e ademáis abordar especialmente o achegamento e a comprensión da arte do século XX/ XXI. | X | | |

**Observacións:**

Realizarase unha visita a unha exposición ou museo de arte durante o primeiro ou segundo trimestre.
Promoveranse tamén dende o departamento de Artes Plásticas accións coordinadas coa Biblioteca, Dinamización lingüística, e outros departamentos como concurso de decoración de portas co motivo do Samaín, concurso de postais navideñas, ilustracións de textos literarios, elaboración de carteis, etc.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións. |
| (P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación. |
| Metodoloxía empregada |
| (A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei. |
| (M)Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas. |
| (M) Paso as horas lectivas realizando todas as seguintes actividades: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual. |
| (AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa dos seguintes xeitos: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual. |
| Medidas de atención á diversidade |
| (AD) Axusto os criterios de avaliación nas tarefas segundo os diferentes niveis en cada unidade e exame. |
| (A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / traballo individual / traballo en equipo. |

**Descrición:**

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:
- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:
- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento e das suxestións dos compoñentes do departamento.
Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade trimestral. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.
En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro consistirán en:
- Rexistro nas actas mensuais do departamento onde se irán anotando os aspectos máis destacables.
- Estatísticas de resultados.

**9. Outros apartados**